

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

6730 *Corrección de erros do Real decreto 742/2013, do 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas.*

Advertido erro no Real decreto 742/2013, do 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 244, do 11 de outubro de 2013, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 11, substitúese o anexo II «Parámetros indicadores da calidade do aire» polo seguinte:

ANEXO II

Parámetros indicadores da calidade do aire

Medirase en aire, no caso de piscinas cubertas:

Parámetro	Valor paramétrico
Humidade relativa	< 65%
Temperatura ambiente	A temperatura seca do aire dos locais que alberguen piscinas climatizadas manterase entre 1 °C e 2 °C por encima da da auga do vaso, excepto vasos de hidromasaxe e terapéuticos.
CO ₂	A concentración de CO ₂ no aire do recinto dos vasos cubertos non superará máis de 500 ppm (en volume) do CO ₂ do aire exterior.